



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA



**ESTUDIO DE ORDENACIÓN E DELIMITACIÓN DE TREITOS URBANOS  
DE SOLO DE NÚCLEO RURAL NA  
REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA  
CLAVE: GA/17/047.09**

**REVISIÓN:**

**3**

**ÁMBITO:**

**GALICIA**

**PROVINCIA:**

**A CORUÑA**

**CONCELLO:**

**CORISTANCO**

• Índice

1. INTRODUCCIÓN E OBXECTO.....

3

2. ÁMBITO DO INFORME.....

3

3. ANTECEDENTES.....

3

3.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.....

3

3.2. ANTECEDENTES URBANÍSTICOS.....

4

3.2.1. PLANEAMENTO URBANÍSTICO XERAL.....

4

3.2.2. OUTROS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS.....

4

3.2.3. INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS DO CONCELLO DE CORISTANCO.....

4

4. CRITERIOS DELIMITACIÓN DE TREITOS URBANOS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL.....

4

4.1. CRITERIO XERAL.....

4

5. TIPOS DE TREITOS URBANOS.....

5

6. EFECTOS DO RECOÑECIMIENTO DE TREITOS URBANOS.....

5

ANEXO I.- LONXITUDE TREITOS URBANOS RECOÑECIDOS.....

7

## 1. INTRODUCCIÓN E OBXECTO

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, determina no título IV como forma de protección do dominio público viario a limitación dos usos das parcelas contiguas á estrada, pero tamén abre a posibilidade dunha coordinación entre a ordenación urbanística e a protección do sistema viario non só para o solo urbano como viña establecido na antiga lei 4/1994 de estradas de Galicia, senó tamén para os solos clasificados como de núcleo rural. Deste feito considera, no seu artigo 7, o treito urbano dunha estrada como aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose informado favorablemente, conforme a aquela Lei, pola administración titular da estrada.

No caso dos treitos das estradas autonómicas que discorren por solo clasificado como de núcleo rural polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, para ter a consideración de treitos urbanos deben de contar con aliñacións marcadas naquel e, ademais, deben ter obtido un informe favorable da administración titular da estrada, conforme ós preceptos da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia. Ase mesmo no artigo 23.3 da lei determinábase que nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé esta lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución. Por último a Lei 8/2013 determina no artigo 38. 4 que nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

O obxecto deste documento é identificar e recoñecer os treitos urbanos nos solos clasificados como solo de núcleo rural que forman parte da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, ós efectos de que naqueles se aplique o réxime especial de protección do dominio público viario e de ordenación detallada das marxes da estrada que se prevé para eles na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Este réxime especial dos treitos urbanos consiste, fundamentalmente, en que neles non se definen zonas de protección da estrada (zona de servidume e zona de afección) nin liña límite de edificación. En consecuencia, a ordenación detallada das marxes da estrada, nos treitos urbanos, queda regulada só polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, sen que lle sexan aplicables as condicións de ordenación que veñen derivadas, con carácter xeral, da lexislación sectorial en materia de estradas (a establecida pola liña límite de edificación, fundamentalmente).

Na práctica, iso supón, entre outras consecuencias, que a ordenación da situación das construcións, instalacións ou edificacións, que nas marxes das estradas, con carácter xeral, regula a liña límite de edificación, nos seus treitos urbanos é asumida directamente polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, a través das aliñacións de edificación que estableza.

## 2. ÁMBITO DO INFORME

O ámbito deste documento corresponde ao **Concello de Coristanco**, ao que se lle recoñecen como treitos urbanos algúns dos terreos que discorren por solo de núcleo rural, por cumprir as condicións que, para o seu recoñecemento como treitos urbanos, establece a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Inclúese neste informe o Concello de **Coristanco** por contar cun recoñecemento de treitos urbanos en coordinación co instrumento de planeamento urbanístico, de todos os núcleos rurais adxacentes ás estradas autonómicas, de acordo a criterios de protección e funcionalidade das estradas autonómicas.

Débese ter en conta que, debido á continua actualización dos instrumentos de ordenación urbanística dos distintos concellos de Galicia, no caso de que para algún concello se emitise un informe de delimitación específica dos treitos urbanos na Rede Autonómica de Estradas de Galicia, con posterioridade a este informe xeral de Galicia, as determinacións daquel prevalecerán en todo caso sobre as deste.

## 3. ANTECEDENTES

### 3.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Coa entrada en vigor da vixente lexislación sectorial en materia de estradas, introduciuse o concepto de treito urbano en solo de núcleo rural dunha estrada. Defínese como aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como solo de núcleo rural cando conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose informado favorablemente, conforme á Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, pola administración titular da estrada.

A elaboración deste documento parte dun estudo de delimitación de treitos urbanos previo, aprobado pola administración competente en materia de Estradas de Galicia, con data 10 de marzo de 2014, e unha posterior revisión e actualización do documento que conta coa aprobación definitiva de data 2 de xullo de 2014.

Neste estudo, delimitáronse de xeito detallado, e en coordinación co planeamento urbanístico municipal, os solos de núcleo rural adxacentes ás estradas autonómicas que foron recoñecidos como treitos urbanos a efectos da lexislación sectorial, nos concellos que procede tal recoñecemento por razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía, e que contan con instrumento de planeamento urbanístico municipal aprobados definitivamente con data anterior ao estudo.

O presente estudo de planeamento, actualiza os concellos nos que procede o recoñecemento como treitos urbanos dos solos de núcleo rural do ámbito municipal, que contan con planeamento urbanístico municipal aprobado definitivamente con posterioridade a data 2 de xullo de 2014, e segundo o procedemento actualmente regulado.

O presente documento elabórase para ser sometido ao trámite de información pública e poñer así en coñecemento dos afectados a proposta de teitos urbanos aos efectos da lexislación de Estradas.

No caso do Concello de **Coristanco**, o recoñecemento de treitos urbanos deriva exclusivamente do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

### 3.2. ANTECEDENTES URBANÍSTICOS.

#### 3.2.1. PLANEAMENTO URBANÍSTICO XERAL

Dado que este estudo de recoñecemento de treitos urbanos nos solos clasificados como núcleo rural a efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, supón unha coordinación coa ordenación das marxes das estradas autonómicas prevista no correspondente instrumento de planeamento urbanístico municipal, neste informe realízase unha análise dos que se atopan vixentes nos concellos de Galicia e que contan co recoñecemento de treitos urbanos en solo de núcleo rural.

#### 3.2.2. OUTROS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS

O recoñecemento dos treitos urbanos de núcleo rural, poderá derivar tamén da aprobación definitiva doutros instrumentos urbanísticos

Dentro dos instrumentos de planeamento urbanístico aos que se refire este apartado, cabe destacar, entre outros, as Modificacións Puntuais dos instrumentos de planeamento, as delimitacións de núcleos rurais, ou os Plans Especiais de Reforma Interior ou de Dotación e Infraestruturas en solos de núcleo rural, etc.

#### 3.2.3. INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS DO CONCELLO DE CORISTANCO

A continuación, indícase para o concello de **Coristanco**, o tipo de instrumento de planeamento vixente e a data de aprobación correspondente, así coma, a título informativo, os datos de poboación, superficie e densidade de poboación do termo municipal.

| Código | Provincia | Concello   | Poboación<br>(hab.2016) | Sup.<br>(km <sup>2</sup> ) | Densidade<br>(hab./km <sup>2</sup> ) | Instrumento | Data       |
|--------|-----------|------------|-------------------------|----------------------------|--------------------------------------|-------------|------------|
| 15029  | A Coruña  | Coristanco | 6.426                   | 141,28                     | 45,48                                | PXOM        | 03/12/2015 |

### 4. CRITERIOS DELIMITACIÓN DE TREITOS URBANOS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL

#### 4.1. CRITERIO XERAL

O criterio fundamental para a delimitación dos treitos urbanos nos solos de núcleo rural que forman parte da Rede Autonómica de Estradas de Galicia é a clasificación do solo como núcleo rural, aínda que deben de verificarse outros criterios adicionais.

En primeiro lugar, a ordenación das marxes da estrada que estableza o instrumento de ordenación urbanística vixente debe satisfacer as necesidades de protección da infraestrutura que considere axeitadas a súa administración titular.

En segundo lugar, debe estar correctamente definida, de forma inequívoca e indiscutible, a situación da aliñación de edificación no instrumento de ordenación urbanística vixente, xa sexa de xeito gráfico ou indirecto a través da súa correspondente normativa.

Fundamentalmente, existen dúas modalidades de determinación da posición da aliñación de edificación nos instrumentos de planeamento urbanístico: graficamente, mediante a súa representación nos respectivos planos de ordenación (e a consecuente referencia a esa regulación na parte normativa do instrumento de planeamento urbanístico), ou indirectamente, mediante a súa definición na normativa e ordenanzas aplicables, en xeral establecendo un recuado mínimo con respecto á posición da aliñación de viario (ou aliñación oficial, segundo a nomenclatura empregada en cada caso).

A estes efectos, téñense en consideración os seguintes subcriterios:

- Posición da aliñación de edificación, que debe quedar suficientemente separada da estrada para respectar as súas necesarias condicións de explotación e seguridade viaria.
- A cartografía empregada debe ser o suficientemente actual e detallada, para reflectir a realidade existente da estrada e das súas marxes.
- Definición dos usos permitidos e prohibidos entre a estrada e a aliñación de edificación, que debe ser coherente co establecido na lexislación sectorial de estradas.

Cumpren os criterios establecidos no parágrafo anterior, aqueles instrumentos de planeamento urbanístico que contén con informe sectorial favorable da administración titular da estrada e recoñecemento expreso, en base á lexislación sectorial vixente.

É no momento de entrada en vigor daqueles instrumentos de planeamento urbanístico que fosen informados en sentido favorable con respecto á afección sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia, de acordo ao establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, cando serán recoñecidos como treitos urbanos ao abeiro do artigo 7 da antedita lei, todos ou algúns dos terreos clasificados como solo de núcleo rural que se sitúen nas marxes da Rede Autonómica de Estradas de Galicia ó seu paso polo respectivo concello.

No caso particular de Coristanco, o instrumento de planeamento urbanístico vixente no concello, concorren as citadas circunstancias, dado que o PXOM actualmente en vigor, está adaptado aos criterios da actual lexislación de estradas a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Con data 17 de novembro de 2014 o instrumento de planeamento urbanístico de Coristanco foi informado en sentido favorable, por parte da Administración titular de Estradas de Galicia, recoñecéndose como treitos urbanos unha listaxe de núcleos rurais situados nas marxes das estradas autonómicas.

No momento da entrada en vigor do PXOM de Coristanco, o 03/12/2015, fíxose efectivo o antedito recoñecemento.

## 5. TIPOS DE TREITOS URBANOS

Como consecuencia da posición relativa entre as estradas autonómicas e os terreos clasificados como solo de núcleo rural pódense dar distintos tipos de situacións posibles.

Así, segundo a posición do solo clasificado como de núcleo rural respecto da liña límite de edificación definida polo artigo 41 da Lei de Estradas de Galicia, prodúcense dúas situacións básicas:

- Interiores, cando a delimitación do solo de núcleo rural se sitúa máis próximo á estrada que a liña límite de edificación.
- Exteriores, cando a delimitación do solo de núcleo rural se sitúa máis afastada da estrada que a liña límite de edificación.

Nas táboas de identificación dos treitos urbanos distínguense entre estes principais tipos de situacións, pero é nos planos contidos como anexo a este documento onde mellor se pode apreciar a situación concreta en cada punto das marxes da estrada.

No Anexo I deste documento, inclúese unha táboa onde se indican os núcleos rurais neste concello, nos que procede o recoñecemento de treito urbano de núcleo rural a efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, indicando a

estrada autonómica e o treito desta no que se localizan, así como a súa posición respecto da estrada de acordo ao indicado neste apartado.

## 6. EFECTOS DO RECOÑECIMENTO DE TREITOS URBANOS

Nos treitos urbanos das estradas autonómicas que discorran tanto por solo clasificado como urbano como por núcleo rural, non existirán as zonas de protección da estrada nin a liña límite de edificación, sen prexuízo de que a explotación do dominio público viario se realizará, en todo caso, baixo a dirección ou inspección da Administración titular da rede.

Polo tanto, aos efectos da explotación das estradas autonómicas, para o uso e defensa do dominio público e en coordinación coa disciplina urbanística, o recoñecemento dos treitos urbanos non exime da obriga de solicitar o resto de licenzas e autorizacións, tendo en conta que calquera actividade ou obra que se realice nas marxes das estradas autonómicas que afecte ao dominio público ou ao dominio público adxacente da estrada requirirá a previa autorización desta administración.

Por isto, nos treitos urbanos, será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións. O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

Á vista do antedito, conclúese que o recoñecemento dos treitos urbanos non exime da obriga de solicitar o resto de licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiro, e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos e bens.

Non suporá en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de responsabilidade algunha ao respecto.

O capítulo III do título IV da Lei 8/2013 do 28 de xuño de Estradas de Galicia regula as competencias en materia de autorizacións sectoriais que serán de aplicación na zona de dominio público e dominio público adxacente da estrada nos treitos urbanos.

Incorpórase como Anexo I unha táboa na que se resumen as lonxitudes de treitos urbanos de solo de núcleo rural, situados no ámbito territorial do Concello de **Coristanco**, indicando a estrada autonómica e os puntos quilométricos desta no que se localizan, así como a súa posición respecto da estrada de acordo ao indicado neste informe. Esta táboa débese entender como un resume a título informativo.

Nos treitos das estradas que discorren por solo clasificado como de núcleo rural e se recoñecen como treitos urbanos segundo o informe desta administración, na súa condición de titular das estradas autonómicas, débese aplicar o réxime previsto para os treitos urbanos na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Nos treitos das estradas que discorren por solo clasificado como de núcleo rural e se recoñecen como treitos urbanos segundo o informe desta administración, na súa condición de titular das estradas autonómicas, débese aplicar o réxime previsto para os treitos urbanos na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Como consecuencia máis significativa, a ordenación detallada prevista nos correspondentes instrumentos de ordenación urbanística e territorial subsumirá, neses treitos, a función ordenadora nos marxes das estradas autonómicas que ata entón compartía coas zonas de protección da estrada e a liña límite de edificación definidas na lexislación sectorial de estradas, que deixarán de aplicarse naqueles.

Progresivamente, a medida que os distintos concellos de Galicia vaian actualizando os seus respectivos instrumentos de ordenación urbanística, iranse delimitando con maior precisión, a través de informes específicos, os treitos urbanos da Rede Autonómica de Estradas de Galicia en cada un dos concellos, e será nos planos contidos neses informes específicos onde se concrete a súa delimitación, que prevalecerá sobre a indicada neste informe.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

A enxeñeira técnica de obras públicas



Águeda Silva Seoane

Visto e praxe,

O xefe do Servizo de Planificación



José Manuel Tobío Boquete

Conforme,

O xefe da Área de Planificación e Proxectos



Carlos Lefler Gullón

## ANEXO I.- LONXITUDE TREITOS URBANOS RECOÑECIDOS

| Concello   | Estrada      | Núcleo              | Marxe Dereita   |                 |           |          |              | Marxe Esquerda  |                 |           |          |              |
|------------|--------------|---------------------|-----------------|-----------------|-----------|----------|--------------|-----------------|-----------------|-----------|----------|--------------|
|            |              |                     | PK <sub>i</sub> | PK <sub>f</sub> | Lonxitude | Tipo     | Solo         | PK <sub>i</sub> | PK <sub>f</sub> | Lonxitude | Tipo     | Solo         |
| Coristanco | AC-198<br>S  | A Costa do Carrizal | 0+180           | 0+200           | 20 m      | Interior | Núcleo Rural | 0+320           | 0+820           | 500 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     | 0+200           | 0+820           | 620 m     | Interior | Núcleo Rural |                 |                 |           |          |              |
|            | AC-421<br>S  | Castro              | 2+680           | 2+910           | 230 m     | Interior | Núcleo Rural | 2+720           | 2+740           | 20 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     |                 |                 |           |          |              | 2+740           | 3+020           | 280 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | Santa Baia          | 3+380           | 3+690           | 310 m     | Interior | Núcleo Rural | 3+480           | 3+490           | 10 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     |                 |                 |           |          |              | 3+490           | 3+640           | 150 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | Gatiande            | 3+710           | 3+720           | 10 m      | Interior | Núcleo Rural |                 |                 |           |          |              |
|            |              |                     | 3+720           | 4+020           | 300 m     | Interior | Núcleo Rural | 3+720           | 4+020           | 300 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     | 4+020           | 4+030           | 10 m      | Interior | Núcleo Rural |                 |                 |           |          |              |
|            |              | Valenza             | 5+170           | 5+220           | 50 m      | Interior | Núcleo Rural | 5+160           | 5+170           | 10 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     |                 |                 |           |          |              | 5+170           | 5+260           | 90 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | Castrobó            |                 |                 |           |          |              | 5+570           | 5+590           | 20 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     | 5+590           | 6+000           | 410 m     | Interior | Núcleo Rural | 5+590           | 6+000           | 410 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | O Cotón             | 6+850           | 6+970           | 120 m     | Interior | Núcleo Rural | 6+850           | 6+970           | 120 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     | 6+970           | 6+980           | 10 m      | Interior | Núcleo Rural | 6+970           | 6+980           | 10 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | Pousada             |                 |                 |           |          |              | 7+210           | 7+220           | 10 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     | 7+320           | 7+480           | 160 m     | Interior | Núcleo Rural | 7+220           | 7+480           | 260 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | A Cruz de Agrelo    | 7+720           | 8+020           | 300 m     | Interior | Núcleo Rural |                 |                 |           |          |              |
|            |              |                     | 8+020           | 8+120           | 100 m     | Interior | Núcleo Rural | 7+790           | 8+020           | 230 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | Vilaverde           | 8+530           | 8+710           | 180 m     | Interior | Núcleo Rural | 8+530           | 8+720           | 190 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     | 9+060           | 9+120           | 60 m      | Interior | Núcleo Rural | 9+050           | 9+120           | 70 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            | AC-552<br>PB | Montecelo           | 34+280          | 34+580          | 300 m     | Interior | Núcleo Rural | 34+280          | 34+720          | 440 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | A Esfarrapa         | 37+200          | 37+460          | 260 m     | Interior | Núcleo Rural | 37+200          | 37+480          | 280 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     |                 |                 |           |          |              | 37+480          | 37+490          | 10 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | As Tarandeiras      | 38+470          | 38+970          | 500 m     | Interior | Núcleo Rural | 38+560          | 39+170          | 610 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              |                     | 38+970          | 38+990          | 20 m      | Interior | Núcleo Rural | 39+170          | 39+180          | 10 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | Figueiras           |                 |                 |           |          |              | 41+780          | 41+860          | 80 m      | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | Bieite de Abaixo    | 42+440          | 42+550          | 110 m     | Interior | Núcleo Rural |                 |                 |           |          |              |
|            |              |                     | 42+550          | 42+860          | 310 m     | Interior | Núcleo Rural | 42+550          | 42+810          | 260 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            | AG-55<br>VAC | O Outeiro           | 44+680          | 44+790          | 110 m     | Interior | Núcleo Rural | 44+680          | 44+820          | 140 m     | Interior | Núcleo Rural |
|            |              | A Porcariza         |                 |                 |           |          |              |                 |                 |           |          |              |
|            |              | O Ferreiro          |                 |                 |           |          |              |                 |                 |           |          |              |
|            |              | Midón               |                 |                 |           |          |              |                 |                 |           |          |              |
|            |              | Lume de Suso        |                 |                 |           |          |              |                 |                 |           |          |              |
|            |              | O Outeiro - Souto   |                 |                 |           |          |              |                 |                 |           |          |              |
|            |              | Agrilloi de Abaixo  |                 |                 |           |          |              |                 |                 |           |          |              |